

○ Saber que facer ante hemorragias.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante as roturas leves e torceduras.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de vendaxes e entaladuras.
○ Reaccionar ante a aparición de queimaduras de distintos graos.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Reaccionar ante a aparición de hipotensións e desmaios.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.
○ Realizar unha RCP.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.

MÓDULO FORMATIVO

Xestión de residuos derivados do manexo e mantemento da maquinaria e das ferramentas.

OBXECTIVO XERAL

Concienciar o traballador da necesidade da xestión ambiental e dotalo dos coñecementos necesarios para levar a cabo a xestión dos residuos derivados da realización das operacións de manexo e mantemento da maquinaria e das ferramentas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a xestión dos residuos como parte da xestión ambiental.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer os tipos de residuos clasificación e métodos de xestión.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Identificar os residuos que se xeran nas operacións de manexo e mantemento.	⇒ Supervisando a realización dunha clasificación de todos os residuos identificados.
○ Xestionar correctamente os residuos obtidos da actividade.	⇒ Comprobando o adecuado tratamento que se propón para os residuos anteriores.

6.3.6. CORTICEIRO SACADOR (EXTRACCIÓN DE CORTIZA)**CONTIDOS FORMATIVOS**

- **Ocupación**
Corticeiro sacador (extracción de cortiza).
- **Actividade**
Aproveitamento da cortiza.

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Coñecemento do sobreiral.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Cumprindo os períodos de descortizado.
	1.2	Planificando accesos, puntos de reunión e vías.
	1.3	Recoñecendo o estado do sobreiral.

SABER

- ◆ Coñecer as características do sobreiral.
- ◆ Saber clasificar os diferentes tipos de sobreirais.
- ◆ Coñecer o código de prácticas suberícolas e taponeiras.
- ◆ Coñecer as técnicas para definir a súa idade aproximada.
- ◆ Ter coñecementos matemáticos básicos.
- ◆ Coñecer os labores de mostraxe e as técnicas de realización.
- ◆ Coñecer diferentes técnicas de mostraxe dependendo do axente.
- ◆ Coñecer os instrumentos que se empregan nunha mostraxe.
- ◆ Coñecer a técnica de toma de diámetros dos fustes.
- ◆ Coñecer os aparatos de estimación de alturas.
- ◆ Coñecer o manexo dos aparatos de estimar alturas e as súas formulas matemáticas básicas.
- ◆ Coñecer o manexo do calibrador de cortiza (pé de liña).
- ◆ Coñecer o método de xestión de residuos que se producirán.
- ◆ Coñecer o manexo de produtos fitosanitarios.
- ◆ Coñecer as pragas e enfermidades específicas que poidan afectar a un sobreiral.¹ Elixir o sistema fitosanitario máis adecuado.
- ◆ Identificar diferentes tipos de especies vexetais.
- ◆ Coñecer os medios de evitar a propagación de infeccións ás demais árbores e especies.
- ◆ Recoñecer visualmente as infeccións e pragas forestais.
- ◆ Coñecer a época de aplicación do produto fitosanitario e o seu método.
- ◆ Coñecer o tipo de produto fitosanitario segundo a súa finalidade.
- ◆ Coñecer o material de aplicación.
- ◆ Coñecer as características de mantemento e limpeza da/s máquina/s de aplicación.
- ◆ Delimitar a zona de traballo segura.
- ◆ Identificar e acoutar a zona.
- ◆ Coñecer as cantidades de mesturas en función do volume e idade do individuo.
- ◆ A corrección sanitaria que se ha de realizar.
- ◆ Realizar medidas precisas.
- ◆ Manexar os instrumentos para realizar as medidas e mesturas de produtos fitosanitarios.
- ◆ Coñecer o manexo da/s máquina/s aplacadoras.
- ◆ Coñecer o funcionamento dos ecosistemas forestais así como a súa composición.
- ◆ Coñecer as implicacións medioambientais do uso de produtos necesarios para a realización das operacións (produtos fitosanitarios, combustibles, aceites...).
- ◆ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das diferentes operacións realizadas.
- ◆ Coñecer o EPI dependendo das operacións que se vaian realizar.
- ◆ Coñecer o estado e a colocación adecuadas dos compoñentes dos EPI.
- ◆ Coñecer a normativa ambiental.
- ◆ Coñecer a normativa específica de PRL.
- ◆ Explotar de forma eficiente o sobreiral.
- ◆ Recoñecer pragas que poidan afectar a un sobreiral.
- ◆ Aplicar medidas de prevención de enfermidades.
- ◆ Coñecer a estrutura morfolóxica da cortiza.
- ◆ Coñecer as calidades óptimas para a extracción.
- ◆ Coñecer os períodos de descortizado.
- ◆ Diferenciar tipos de cortiza.
- ◆ Escoller cortiza entre diferentes tipos.
- ◆ Realizar cálculos volumétricos da cortiza xa amoreada.
- ◆ Lexislación básica aplicable ás tarefas de explotación do sobreiral.

- ◆ Identificar medios de protección sanitaria.
- ◆ Coñecer os tipos de indicadores de contaminación.
- ◆ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.
- ◆ Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- ◆ Coñecemento e actualización de novas tecnoloxías.
- ◆ Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.
- ◆ Coñecer a normativa de PRL.
- ◆ Coñecer a normativa ambiental existente.

SABER FACER

- ◆ Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.
- ◆ Realizar unha mostraxe.
- ◆ Manexar os instrumentos de medida utilizados na toma de mostras.
- ◆ Medir o diámetro dun fuste.
- ◆ Manexar os aparatos de estimación de alturas.
- ◆ Estimar alturas.
- ◆ Manexar o calibrador de cortiza (pé de liña).
- ◆ Determinar o grosor da cortiza á altura de fuste, colos e zapata.
- ◆ Manexar a ferramenta de forma segura.
- ◆ Manexar os produtos fitosanitarios.
- ◆ Asociar a cantidade e composición do produto fitosanitario de acordo ao tamaño do/s individuo/s.
- ◆ Relacionar síntomas con pragas e enfermidades vexetais.
- ◆ Definir o tempo de tratamento.
- ◆ Identificar visualmente as zonas de aplicación do produto fitosanitario.
- ◆ Manexar con coidado as substancias fitopatolóxicas.
- ◆ Recoñecer individuos ou partes dun individuo cun elevado nivel de infección.
- ◆ Manexar ferramentas manuais de forma segura e adecuada.
- ◆ Xestionar os residuos obtidos da realización dos labores.
- ◆ Relacionar as necesidades climáticas do sobreiral.
- ◆ Cumprir os períodos de descortizado.¹ Realizar a separación de diferentes tipos de cortiza.
- ◆ Clasificar cortiza dependendo do seu posterior uso.
- ◆ Cubicar cortiza no sobreiral.
- ◆ Cumprir os procedementos para definir a calidade da cortiza.
- ◆ Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.
- ◆ Adaptar o inicio dos traballos ás condicións meteorolóxicas favorables.
- ◆ Identificar os exemplares e aproximar a súa idade.
- ◆ Distinguir visualmente os emprazamentos de traballo.
- ◆ Elixir a zona de traballo.
- ◆ Diferenciar zonas posiblemente contaminadas ou xa explotadas por outro recolledor.
- ◆ Xestionar os residuos obtidos da realización das operacións.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Aplicar a normativa de PRL ás operacións que realiza.
- ◆ Respetar as instrucións de realización das operacións e ser rigoroso coa toma de datos.
- ◆ Realizar as operacións matemáticas co grao de calidade óptimo.
- ◆ Observar e prestarlle a atención necesaria ao desenvolvemento da operación que se leva a cabo para realizar posibles correccións.
- ◆ Respetar as instrucións de realización das operacións.
- ◆ Realizar as operacións co grao de calidade óptimo.

- ◆ Aplicar as recomendacións medioambientalmente beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- ◆ Cumprir a normativa ambiental vixente que afecta ao desenvolvemento destes traballos.
- ◆ Coidar a postura ao baixarse e levantarse dado o número elevado de veces que se repiten estes movementos.

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Corticeiro sacador (extracción de cortiza).
- ➔ **Actividade**
Aproveitamento da cortiza.

UNIDADE DE COMPETENCIA	2	Labores de saca.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	2.1	Roza manual.
	2.2	Limpas de acceso.
	2.3	Efectuar tarefas de podas e cortes.
	2.4	Amorear panas.

SABER

- ◆ Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- ◆ Coñecer o estado e a colocación adecuada dos compoñentes do EPI.
- ◆ Coñecer a normativa de PRL.
- ◆ Coñecer as características da maquinaria empregada.
- ◆ Coñecer o seu manexo e funcionamento.
- ◆ Coñecer as ferramentas de poda e o seu manexo.
- ◆ Coñecer as técnicas de poda.
- ◆ Coñecer as épocas de realización de podas.
- ◆ Coñecer as técnicas de amoreamento de restos.
- ◆ As técnicas de roza e limpa que son necesarias nas tarefas do sobreiral.
- ◆ Coñecer os riscos de cada unha das tarefas que se realizan.
- ◆ Técnicas de poda con fins produtivos.
- ◆ O código de prácticas suberícolas e taponeiras.
- ◆ Normativa aplicable.
- ◆ Coñecer os pasos e especificacións que se han de cumprir para o amoreamento de panas.
- ◆ Interpretar os factores externos que poidan alterar ou entorpecer as tarefas.
- ◆ Coñecer os tipos de indicadores de contaminación.
- ◆ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.
- ◆ Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- ◆ Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.
- ◆ Coñecer a normativa de PRL.
- ◆ Coñecer a normativa ambiental existente.

SABER

- ◆ Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.
- ◆ Cumprir o código de prácticas taponeiras e suberícolas.
- ◆ Amorear as panas seguindo as especificacións correctas.
- ◆ Adaptar o inicio dos traballos ás condicións meteorolóxicas favorables.
- ◆ Identificar os exemplares e aproximar a súa idade.
- ◆ Distinguir visualmente os emprazamentos de traballo.
- ◆ Elixir a zona de traballo.

- ◆ Manexar as ferramentas manuais de forma segura e adecuada.
- ◆ Manexar adecuadamente os produtos utilizados (combustibles, graxas e aceites).
- ◆ Manexar as ferramentas de poda.
- ◆ Recoñecer os individuos que requiren os traballos de poda.
- ◆ Recoñecer especies e individuos protexidos.
- ◆ Podar utilizando distintos métodos en función do tamaño e da especie.
- ◆ Xestionar os residuos obtidos na realización das operacións.
- ◆ Realizar moreas de restos estables e ben estruturadas cos restos obtidos.
- ◆ Diferenciar zonas posiblemente contaminadas.
- ◆ Xestionar os residuos obtidos da realización das operacións.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Aplicar a normativa de PRL ás operacións que realiza.
- ◆ Observar e prestarlle a atención necesaria ao desenvolvemento da operación que se leva a cabo para realizar posibles correccións.
- ◆ Respetar as instrucións de realización das operacións.
- ◆ Realizar as operacións co grao de calidade óptimo.
- ◆ Utilizar a ferramenta estritamente para a función que esta deseñada.
- ◆ Axustarse ás especificacións do fabricante á hora de manexar produtos, recambios, formas de uso...
- ◆ Aplicar as recomendacións medioambientais beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- ◆ Cumprir coa normativa medioambiental vixente.
- ◆ Traballar en equipo de forma coordinada.
- ◆ Observar e prestarlle a atención necesaria ao medio circundante para evitar accidentes e incidentes.
- ◆ Manterse en boa forma física.
- ◆ Coidar a postura ao baixarse e levantarse dado o número elevado de veces que se repiten estes movementos.

CONTIDOS FORMATIVOS

- **Ocupación**
Corticeiro sacador (extracción de cortiza).
- **Actividade**
Aproveitamento da cortiza.

UNIDADE DE COMPETENCIA	3	Sacar.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	3.1	Preparar as ferramentas e demais equipo.
	3.2	Sacar a cortiza.

SABER

- ◆ Identificar as ferramentas apropiadas á extracción da cortiza.
- ◆ Coñecer os riscos de cada unha das tarefas que se realizan.
- ◆ O código de prácticas suberícolas e taponeiras.
- ◆ Normativa aplicable.
- ◆ Delimitar unha zona segura de traballo.
- ◆ Acoutar a zona de traballo.
- ◆ Coñecer o método/s de limpeza das ferramentas.
- ◆ Saber a forma de desinfectar as ferramentas.
- ◆ Coñecer os produtos de desinfección e limpeza usados.
- ◆ Coñecer o manexo da ferramenta que se emprega.

- ◆ Coñecer as reparacións menores que se poidan realizar nas ferramentas.
- ◆ Coidar a ferramenta tanto no uso como no seu almacenamento.
- ◆ Coñecer os calendarios de mantemento da maquinaria.
- ◆ Coñecer o estado adecuado dos elementos de seguridade das ferramentas.
- ◆ En coñecementos e actualización de novas tecnoloxías.
- ◆ Coñecer os útiles e métodos de afiado das ferramentas.
- ◆ Coñecer o calendario e necesidades de engraxado das ferramentas.
- ◆ Interpretar os factores externos que poidan alterar ou entorpecer as tarefas.
- ◆ Realizar os labores de extracción sen danar a capa nai.
- ◆ Realizar o mantemento e coidado da ferramenta que se vai empregar.
- ◆ Coñecer os tipos de indicadores de contaminación.
- ◆ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.
- ◆ Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- ◆ Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.
- ◆ Coñecer a normativa de PRL.
- ◆ Coñecer a normativa ambiental existente.

SABER FACER

- ◆ Realizar os traballos de mantemento, coidado e afiado das ferramentas que emprega nos labores de saca.
- ◆ Realizar os cortes, descortizados e remates necesarios para sacar a cortiza da sobreira.
- ◆ Realizar as tarefas de descortizado sen ferir a capa nai.
- ◆ Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.
- ◆ Adaptar o inicio dos traballos ás condicións meteorolóxicas favorables.
- ◆ Identificar os exemplares e aproximar a súa idade.
- ◆ Distinguir visualmente os emprazamentos de traballo.
- ◆ Elixir a zona de traballo.
- ◆ Diferenciar zonas posiblemente contaminadas ou xa explotadas por outro recolledor.
- ◆ Xestionar os residuos obtidos da realización das operacións.
- ◆ Estar ao día de novas técnicas e maquinaria.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Aplicar a normativa de PRL ás operacións que realiza.
- ◆ Observar e prestarlle a atención necesaria ao desenvolvemento da operación que se leva a cabo para realizar posibles correccións.
- ◆ Observar e prestarlle a atención necesaria ao medio circundante para evitar accidentes e incidentes.
- ◆ Aplicar as recomendacións medioambientais beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- ◆ Respetar as instrucións de realización das operacións.¹ Realizar as operacións co grao de calidade óptimo.
- ◆ Cumprir a normativa ambiental vixente que afecta ao desenvolvemento destes traballos.
- ◆ Manterse en boa forma física.
- ◆ Coidar a postura ao baixarse e levantarse dado o número elevado de veces que se repiten estes movementos.
- ◆ Minuciosidade e atención para realizar previsións.
- ◆ Responsabilidade ante a normativa que hai que cumprir.
- ◆ Actitude atenta ante cambios e requisitos administrativos das distintas axudas e subvencións.
- ◆ Resposta eficaz a contingencias.
- ◆ Método e orde na realización das tarefas.

- ♦ Autoesixencia no cumprimento das funcións que ten que desenvolver.
- ♦ Manter comunicación co equipo para favorecer o traballo e evitar accidentes.

PROGRAMA FORMATIVO

OCUPACIÓN | Corticeiro sacador (extracción de cortiza)

UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Coñecementos do sobreiral.

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
1 Labores culturais do sobreiral.	Ocupacional	45 horas
MÓDULOS	R P	TIPO
☰ O sobreiral.	Todas	Ocupacional
☰ Pragas do sobreiral.	1.3	Transversal
☰ Aproveitamento da cortiza.	1.2	Ocupacional
☰ Sensibilización ambiental.	Todas	Ocupacional

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Labores de saca.

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
2 Traballos da saca.	Ocupacional	45 horas
MÓDULOS	R P	TIPO
☰ Técnicas de roza e limpeza.	2.1-2.2	Específico
☰ Podas.	2.3	Específico
☰ Tarefas de amoreamento.	2.4	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Saca.

CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
3 Labores de extracción da cortiza.	Específico	75 horas
MÓDULOS	R P	TIPO
☰ Ferramentas e útiles.	3.1	Ocupacional
☰ Á saca.	3.2	Específico
☰ PRL na saca.	3.1-3.2	Transversal
☰ Primeiros auxilios.	UCI-UC3	Ocupacional


ITINERARIO FORMATIVO MODULAR

- LENDA




UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Coñecementos do sobreiral.




UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Labores de saca.



UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Saca.



UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Coñecementos do sobreiral.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**
- **TRANSVERSAIS**

☞ Pragas do sobreiral.

- **OCUPACIONAIS**

☞ O sobreiral.

☞ Aproveitamento da cortiza.

☞ Sensibilización ambiental.

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Labores da saca.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**

☞ Técnicas de roza e limpeza.

☞ Podas.

☞ Tarefas de amoreamento.

- **TRANSVERSAIS**

- **OCUPACIONAIS**

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Saca.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**

☞ A saca.

- **TRANSVERSAIS**

☞ PRL na saca.

- **OCUPACIONAIS**

☞ Primeiros auxilios.

☞ Ferramentas e útiles.

OBXECTIVOS MODULARES

UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Coñecementos do sobreiral.

MÓDULO FORMATIVO

Pragas do sobreiral.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer e identificar as distintas pragas e enfermidades que poden padecer as plantacións forestais segundo o tipo e época destas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Identificar pragas e enfermidades que poden afectar ao sobreiral.	⇒ Recoñecendo os síntomas e signos visibles que estas producen nas sobreiras afectadas.
○ Eliminar axentes causantes de pragas e enfermidades do sobreiral.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Elixir sistemas de erradicación adecuados.	⇒ Identificando posibles erros que se teñan.

○ Realizar labores fitopatolóxicos no sobreiral.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Identificando as necesidades fitosanitarias necesarias para o individuo.	⇒ Realizando probas prácticas disto.
○ Coñecendo os diferentes tipos de aplicación.	⇒ Identificando as achegas fitosanitarias necesarias.
○ Realizando as mesturas de produtos.	⇒ Realizando probas prácticas disto.
○ Definindo o tipo de mestura e sistema de aplicación.	⇒ Realizando as mesturas necesarias.
○ Elixir o produto fitosanitario máis adecuado.	⇒ Realizando probas prácticas disto.
○ Coñecer os produtos non aceptables para o sobreiral segundo a súa idade e quenda de descortizado.	⇒ Realizando probas prácticas disto.
○ Saber que facer cos produtos e restos de material empregados na fertilización.	⇒ Seguindo a normativa aplicable en todo momento.
○ Realizar as tarefas fitopatolóxicas no sobreiral.	⇒ Realizando probas prácticas disto.
○ Limpar os equipos e maquinaria empregada.	⇒ Seguindo os procesos físicos axeitados.
○ Coñecer que condicións favorecen a aparición e desenvolvemento das pragas e enfermidades.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.

MÓDULO FORMATIVO

O sobreiral.

OBXECTIVO XERAL

Saber e manexar diferentes produtos que se poidan dar dunha forma natural ou inducida no medio forestal.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer os coidados segundo o tipo de sobreiral, idade, quenda e época do ano.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Recoñecer defectos na calidade da cortiza e relacionalo coas medidas que cómpre seguir para solucionalo.	⇒ Identificando defectos na calidade do produto.
○ Saber os cambios que se producen durante o crecemento da cortiza na sobreira.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Realizar os coidados do sobreiral.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Coñecer os diferentes produtos que se producen no sobreiral.	⇒ Identificando produtos e calidades destes.
○ Identificar necesidades de coidado segundo a época de descortizado ou durante ela.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Identificar calidades do produto de acordo coas variables climatolóxicas ou estacionais.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Coñecer as necesidades climáticas do sobreiral.	⇒ Identificando e realizando distintas variedades.

○ Identificar individuos de interese comercial.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Saber as características que presenta a cortiza.	⇒ Realizando unha listaxe destas.
○ Identificar e medir variables de crecemento e calidades/calibres do mesmo individuo.	⇒ Realizando medicións sobre o terreo.
○ Realizar mostraxes e tomas de datos físicos.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.

MÓDULO FORMATIVO

Aproveitamento da cortiza.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as características da cortiza que determinan a súa calidade e os cálculos que facilitan a súa cubicación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Identificando variables do produto.	⇒ Realizando unha listaxe destas.
○ Coñecendo os niveis de calidade esixidos.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Realizando as tarefas coas especificacións e normativas existentes.	⇒ Realizando a proba seguindo e enumerando as normas e criterios establecidos.
○ Decidir o sistema e calidades que se darán á vista das mostrax tomadas.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Coñecer a normativa vixente.	⇒ Realizando probas teóricas sobre ela.
○ Adquirir uns coñecementos estatísticos sinxelos para realizar os cálculos.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer que é unha mostraxe e tipos de mostraxes.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer as aplicacións na cubicación de cortiza segundo as mostraxes realizadas.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Realizar mostraxes con niveis de calidade suficientes.	⇒ Programando a realización dunha mostraxe a pé de monte.
○ Coñecer un medidor de cortiza (pé de liña) e o seu uso.	⇒ Identificando visualmente o útil de medida.
○ Aprender a medir grosos de cortiza.	⇒ Realizando a medición das grosos de cortiza de varios individuos de sobreiras.

MÓDULO FORMATIVO

Sensibilización ambiental.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer os coidados e sistemas de conservación e a súa interrelación cos labores realizados.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a normativa.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Saber a clase de residuos que se producen nos labores.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Realizar dunha forma aceptable medioambientalmente a eliminación de residuos.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Coñecer as técnicas de recuperación medioambiental.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Realizar tarefas de mellora no proceso dende o punto de vista ambiental.	⇒ Manexando catálogos e realizando listaxes das especies que poden aparecer por zonas de traballo.
○ Coñecer todos os factores que compoñen un sobreiral.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer o funcionamento dos ecosistemas e en particular dos ecosistemas de sobreirais.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer o concepto de xestión sostible do contorno do sobreiral.	⇒ Realizando probas de control teóricas sobre isto.

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Labores de saca.

MÓDULO FORMATIVO

Técnicas de roza e limpeza.

OBXECTIVO XERAL

Dotar o traballador dos coñecementos necesarios para realizar as tarefas de limpeza da vexetación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as técnicas e métodos de eliminación da vexetación.	⇒ Realizando probas teóricas de control de conceptos.
○ Eliminar a vexetación utilizando distintas ferramentas e máquinas.	⇒ Propoñendo a realización de supostos prácticos para rozar.
○ Realizar un roza.	⇒ Rozando en distintas zonas de diferentes características manexando a maquinaria e as ferramentas manuais.
○ Amorear os restos de roza correctamente.	⇒ Realizando moreas e acordoando os restos vexetais.
○ Coñecer que é un desmestado e como se realiza.	⇒ Participando na execución dun desmestado.
○ Coñecer os tipos de desmestados en función das especies, as ferramentas, o uso do terreo...	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.

MÓDULO FORMATIVO

Podas.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer e usar as técnicas de poda con motivo de favorecer o crecemento ou calidade da produción.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Identificar os tipos de podas segundo o individuo que se vai tratar e a súa idade.	⇒ Realizando probas de control teórico-prácticas sobre a materia.
○ Realizar podas de forma concreta segundo a idade.	⇒ Realizando probas prácticas sobre a masa forestal.
○ Eliminar os restos de podas de forma correcta.	⇒ Realizando a eliminación de forma controlada.
○ Realizar a poda en diferentes sobreiras.	⇒ Realizando prácticas disto.
○ Coñecer os límites de poda de formación.	⇒ Identificando as necesidades en individuos concretos.
○ Recoller e eliminar os restos de poda.	⇒ Seguindo os métodos correctos para facelo.
○ Saber as diferenzas que achega, en canto a crecemento, a poda de formación.	⇒ Realizando probas teóricas sobre isto.
○ Realizar unha poda nunha sobreira.	⇒ Realizando varias podas de distintas especies e con distintos fins.
○ Coñecer os tipos de podas en función dos individuos e do seu uso.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer as ferramentas de poda e saber manexalas correctamente.	⇒ Utilizando na realización das podas as distintas ferramentas.

MÓDULO FORMATIVO

Tarefas de amoreamento.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as necesidades que ha de presentar o punto de amoreamento, a forma de colocar as panas de cortiza e as dimensións da morea.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer o código de prácticas suberícolas.	⇒ Realizando probas teóricas sobre o tema.
○ Coñecer o fendido ás medidas definidas.	⇒ Realizando probas teóricas sobre o tema.
○ Saber realizar o amoreamento nos puntos que reúnan as condicións necesarias.	⇒ Realizando probas prácticas sobre o tema.
○ Coñecer as características do punto de amoreamento.	⇒ Realizando probas prácticas sobre o tema e defectos en caso contrario.
○ Colocar as panas de forma correcta.	⇒ Realizando probas prácticas sobre o tema.
○ Realizar o amoreamento coas dimensións adecuadas.	⇒ Realizando probas prácticas sobre o tema.

○ Sistemas de transporte dende o lugar de extracción ao punto de desemboque.	⇒ Indicando defectos que se poidan producir nun ou outro caso.
○ Coñecer os diferentes medios de transporte.	⇒ Realizando prácticas disto.
○ Coidados do produto no transporte.	⇒ Manipulando a recolección-produción nun suposto de transporte.
○ Limpeza do produto.	⇒ Realizando prácticas sobre este.
○ Separar por calibres e calidades.	⇒ Realizando prácticas sobre isto.
○ Homoxeneizar aspectos e demais características.	⇒ Realizando unha proba práctica de homoxeneización dun conxunto de individuos.
○ Coñecer e usar a normativa aplicable.	⇒ Indicando a serie de pasos que se deben realizar e a normativa ou parte dela que se cumpre en cada momento.

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Saca.

MÓDULO FORMATIVO

Ferramentas e útiles.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as diferentes ferramentas e útiles necesarios para as tarefas de recolección así como o seu correcto mantemento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Usar as ferramentas e útiles necesarios para realizar as tarefas de extracción así como o seu correcto mantemento.	⇒ Realizando probas sobre isto e as súas necesidades.
○ Usar as ferramentas para o mantemento dos útiles.	⇒ Realizando supostos prácticos deles.
○ Preparar ferramentas e demais útiles.	⇒ Realizando a súa preparación.
○ Afiar as ferramentas que así o necesiten.	⇒ Realizando o afiado práctico dos útiles coa ferramenta precisa.
○ Coñecer o estado óptimo de uso da ferramenta.	⇒ Identificando desperfectos e posibles reparacións que se poidan levar a cabo.
○ Realizar as tarefas de desinfección das ferramentas.	⇒ Utilizando os produtos e as técnicas de desinfección adecuadas.

MÓDULO FORMATIVO

A saca.

OBXECTIVO XERAL

Que o alumno adquira os coñecementos e a práctica necesaria para realizar os labores de saca de forma correcta e coidando o posterior desenvolvemento da sobreira.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Cumprir os períodos de descortizado.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno.

○ Medir os calibres de cortiza.	⇒ Realizándolle probas de control prácticas ao alumno.
○ Realizar os cortes adecuados.	⇒ Realizándolle probas de control prácticas ao alumno.
○ Rematar colos e zapatas de forma correcta.	⇒ Realizándolle probas de control prácticas ao alumno.
○ Evitar facer danos na capa nai.	⇒ Realizándolle probas de control prácticas ao alumno.
○ Extraer a cortiza de forma correcta.	⇒ Realizándolle a separación da cortiza mediante a machada.
○ Coñecer as técnicas de descortizado.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Manexar as diferentes ferramentas de saca.	⇒ Realizando a separación da cortiza usando as diferentes ferramentas correctamente.

MÓDULO FORMATIVO

A PRL na saca.

OBXECTIVO XERAL

Dotar o traballador dos coñecementos para o manexo, operación e mantemento de forma segura co tractor, apeiros e ferramentas ademais de conciencialo da existencia da Lei de PRL e da necesidade do seu obrigatorio cumprimento na execución de todos os traballos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer o EPI.	⇒ Supervisando a identificación correcta dos compoñentes do equipo e a súa función.
○ Coñecer a colocación correcta do EPI.	⇒ Supervisando a colocación exacta de cada un dos compoñentes do equipo.
○ Manexar as ferramentas da saca de forma segura.	⇒ Supervisando manobras de execución dos traballos coa saca.
○ Operar cos útiles de forma segura.	⇒ Supervisando a realización de operacións por medio do manexo de útiles.
○ Coñecer os riscos aos que está sometido durante o desenvolvemento das súas tarefas.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
○ Coñecer as técnicas de manexo seguro, dispositivos de seguridade, posturas adecuadas...	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de técnicas de manexo.
○ Coñecer o texto da Lei de prevención de riscos, dereitos e obrigas.	⇒ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.

MÓDULO FORMATIVO

Primeiros auxilios.

OBXECTIVO XERAL

Formar o traballador para que saiba como reaccionar e prestar auxilio no caso de que ocorrera algún accidente ou incidente durante o desenvolvemento das súas tarefas habituais relacionadas co desenvolvemento do seu traballo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Reaccionar ante caídas e golpes.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante a produción de cortes e feridas.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante hemorrxias.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante as roturas leves e torceduras.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de vendaxes e entaladuras.
○ Reaccionar ante a aparición de queimaduras de distintos graos.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Reaccionar ante a aparición de hipotensións e desmaios.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.
○ Realizar unha RCP.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.
○ Accións de petición de axuda.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.

6.3.7. VIXILANTE DE RECURSOS NATURAIS

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Vixilante de recursos naturais(ocupación polivalente).
- ➔ **Actividade**
Caza e pesca fluvial/conservación de espazos naturais.

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Coñecer e vixiar o espazo natural e o cumprimento das condicións óptimas para a súa conservación.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Coñecer a flora, fauna e os elementos presentes no medio, o seu ciclo vital, función, interacción e as súas patoloxías, todo iso dentro do seu campo de acción.
	1.2	Percorrer con periodicidade preestablecida o espazo natural para verificar o seu estado xeral.
	1.3	Observar todas aquelas circunstancias que poidan entorpecer ou favorecer as condicións óptimas para un desenvolvemento sostible do espazo vixiado.